

En Decembro de 1997, 125 países reunidos na Convención Marco sobre Cambio Climático baixo os auspicios da ONU, firmaron un protocolo para reducir as emisións dos seis gases catalogados como causantes do “efecto invernadoiro”. O obxectivo a nivel mundial é deixar os niveles, en 2012 nun 5,2% por debaixo dos existentes en 1990. Este documento, baixo o nome de “Protocolo de Kioto” fíxose famoso como a única resposta creíble á ameaza que supón o cambio climático.

Os límites, sen embargo, non son iguais para todos, se non que se tomou en conta o nivel de desenvolvemento de cada país. Así, á Unión Europea esíxeselle una redución do 8%, a EEUU do 7%, mentres que Canadá e Xapón deben reducir as súas emisións un 6%. A Australia se lle autoriza, sen embargo, un incremento do +8%, e a España, do +15%. Aos países non incluídos no Anexo I (países que non teñen un desenvolvemento que permita cualificalos de emisores) non se lles impón un obxectivo de redución.

En Outubro de 2003, Europa dotouse do seu propio sistema de comercio de dereitos de emisión, de forma integrada cos requisitos da Directiva 96/61/CE, sobre Prevención e Control Integrados de la Contaminación (IPPC). O SECE (Sistema Europeo de Comercio de Emisións) ou ETS (“European Trading System”), constituíuse mediante a publicación da Directiva 2003/87/CE sobre comercio de emisións de CO₂, que fixou para o 1 de xaneiro de 2005 o comezo de actividades do mercado

La Directiva SECE fixa tanto o reparto de emisións entre os distintos países e sectores, a través da elaboración de Plans Nacionais de Asignación que os Estados Membros foron presentando ao longo de 2003 e a primeira metade de 2004, como as sancións que se imporán polo incumprimento do disposto na Directiva. Impón aos titulares das instalacións emisoras de gases de efecto invernadoiro a obriga de contar cun permiso que establecerá as obrigas correlativas de seguimento e notificación das emisións da instalación a un organismo nacional de rexistro de dereitos de emisión: Estes rexistros están interconectados cun Administrador Central (o Rexistro Europeo de Emisións Contaminantes ou EPER- European Pollutant Emissions Register) que comprobará que non se dan irregularidades nas transferencias de dereitos de emisión entre países.

Os Plans Nacionais de Asignación contemplan un período inicial de adaptación, de 2005 a 2007 inclusive, e sucesivos períodos de cinco anos, o primeiro de eles de 2008 a 2012, fixando para cada un deles a cantidade total de emisións e o procedemento para a súa asignación por sectores. Os dereitos de emisión concedidos baixo os PNA serán válidos durante o período de 5 años cuberto polo PNA e serán transmisibles


En España, a transposición da Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, fíxose mediante a Lei 1/2005, coa fin de establecer un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, para fomentar reducións das emisións destes gases dun xeito eficaz e economicamente eficiente.

O primeiro PNA español, fíxose como obxectivo inicial que as emisións de España no período 2005-2007 se estabilicen na media das emisións dos tres últimos anos dispoñibles (2000-2002), cun incremento adicional do 3,5 % das emisións de CO₂ dos sectores da directiva, para incrementos de actividade e novos entrantes. Iso supón para as emisións globais un obxectivo de 400,70 Mt CO₂eq/ano para 2005-2007, cunha redución de aproximadamente el 0,2 % respecto ás emisións 2002 (401,34 Mt).


En Galicia agora mesmo atópanse afectadas por esta normativa máis de 60 instalacións. Estas contan cada unha delas cunha autorización de emisión de gases de efecto

invernadoiro expedida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Os resultados dos dous primeiros anos da aplicación desta normativa no territorio galego resúmense de seguido.



2005			2006		
Asignado	Validado	%	Asignado	Validado	%
14.671.236	17.361.936	118,34%	13.832.826	16.543.552	119,60%



En canto a as emisións sectoriais e individuais, os resultados foron os seguintes:

Instalación	2005		2006		Dif 2006-2005	
	Asignado	Declarado	Asignado	Declarado	Asignado	Declarado
Artabra	40.097	22.463	58.467	14.075	18.370	-8.388
Bioetanol Galicia, S.A.	151.137	158.927	157.786	161.998	6.649	3.071
Campo Brick, S.L.	18.998	16.231	18.998	18.516	0	2.285
Cedonosa S.A.	9.147	6.663	9.147	6.695	0	32
Cementos Cosmos S.A.	380.866	334.341	380.866	353.037	0	18.696
Cerámica Campo Saez, S.L.	3.012	2.938	3.012	2.981	0	43
Cerámica Da Moura S.L.	5.579	5.489	5.579	5.552	0	63
Cerámica de Puentearreas S.L.	5.796	7.800	5.796	11.014	0	3.214
Cerámica la Manchica S.A.	11.324	9.710	11.324	10.440	0	730
Cerámica Riobóo, S.L.	6.729	4.303	6.729	5.476	0	1.173
Cerámica Vereá S.A. 1	3.868	0			-3.868	0
Cerámica Vereá S.A. 2	7.218	2.249	7.218	0	0	-2.249
Cerámica Vereá S.A. 3	12.974	7.329	12.974	9.024	0	1.695
Cerámica Xunqueira S.A.	12.663	11.203	12.663	10.629	0	-574
Cerámicas del Miño Carmen Ubeira	27.346	27.260	27.346	24.747	0	-2.513
Cerámicas el Progreso S.A.	11.046	10.881	11.046	11.133	0	252
Cogeneración Astano	33.326	5.539	33.326	4.489	0	-1.050
Cogeneración del Noroeste, S.A.	143.767	120.978	143.767	100.365	0	-20.613
Cogeneración Padrón	52.693	52.691	52.693	34.220	0	-18.471
CEDIE	64.706	10.295	64.706	6.688	0	-3.607
Cooperativas Orensanas, S.C.G.	48.540	30.814	48.540	30.082	0	-732
Endesa Generación, S.A. -As Pontes 1	2.084.473	2.603.741	1.871.492	2.635.936	-212.981	32.195
Endesa Generación, S.A. -As Pontes 2	2.009.783	2.828.830	1.804.434	2.721.503	-205.349	-107.327
Endesa Generación, S.A. -As Pontes 3	2.005.441	2.658.080	1.800.535	1.741.272	-204.906	-916.808
Endesa Generación, S.A. -As Pontes 4	1.958.518	1.234.182	1.758.406	2.023.489	-200.112	789.307
Energyworks Carballo, S.L.	40.407	31.346	40.407	17.850	0	-13.496
Epifanio Campo, S.L.	29.397	33.139	32.058	29.020	2.661	-4.119
Fábrica de Ladrillos de Portomarín	7.500	7.472	7.500	6.828	0	-644
Finsa Padron	73.233	68.872	118.625	100.316	45.392	31.444
Forestal del Atlántico, S.A.	130.624	55.341	130.624	36.218	0	-19.123
Frinsa del Noroeste, S.A.	40.461	31.219	48.964	33.097	8.503	1.878
Gallega de Cogeneración, S.A.	77.311	68.550	77.311	72.744	0	4.194
Gensabon	32.709	29.035	32.709	21.536	0	-7.499
Grupo Empresarial Ence S.A.	105.323	91.612	105.323	86.378	0	-5.234
Industrias del Tablero, S.A.	126.193	92.104	137.478	84.816	11.285	-7.288
Industrias Losan, s.a.	37.845	35.386	37.845	27.790	0	-7.596
Megasa Siderúrgica, S.L.	78.270	77.649	78.270	77.748	0	99
Novo y Sierra, S.A.	13.965	13.054	13.965	12.723	0	-331
Nueva Cerámica Campo, S.L.	22.866	20.354	22.866	22.502	0	2.148
Papelera de Brandía S.A.	22.434	21.330	22.434	17.640	0	-3.690
Planta de Cogeneración de Boinersa	73.205	59.177	73.205	25.734	0	-33.443
Planta de Cogeneración de DDR	28.284	23.101	28.284	10.163	0	-12.938
Productos Ulla S.L.	10.314	7.872	10.314	7.616	0	-256
Refractarios Campo, S.L.	3.235	2.916	3.235	2.946	0	30
Repsol Petróleo S.A.	1.568.603	1.553.483	1.568.603	1.528.693	0	-24.790
Unión de Empresas Madereras, S.A.	73.860	75.246	73.860	73.614	0	-1.632
Unión Fenosa Generación, S.A. Sabón Fuel 1	34.072	105.789	13.379	17.736	-20.693	-88.053
Unión Fenosa Generación, S.A. Sabón Fuel 2	106.149	424.680	41.682	292.815	-64.467	-131.865

Unión Fenosa Generación, S.A. Sabón Ciclo Combinado					0	0
Unión Fenosa Generación. S.A. Meirama	2.786.379	4.221.684	2.553.409	3.847.539	-232.970	-374.145
Vidriera del Atlántico S.A.	32.781	26.039	32.781	28.182	0	2.143
Corporación alimentaria Peñasanta			17.084	11.666	Entró en 2006	
Bunge Ibérica			20.293	16.385	Entró en 2006	
Fibranor			25.765	28.897	Entró en 2006	
Finsa Santiago			45.392	1.496	Entró en 2006	
Gallega residuos ganaderos			65.576	490	Entró en 2006	
Gestora de Subproductos de Galicia			7.650	0	Entró en 2006	
Leche Pascual			5.309	3.368	Entró en 2006	
Orember			6.594	2.389	Entró en 2006	
Puleva Food			5.156	8.045	Entró en 2006	
Tablicia			26.098	24.497	Entró en 2006	
Tafiber			6.000	1.683	Entró en 2006	
Peugeot Citroën automóviles España, S.A			20.763	12.160	Entró en 2006	
Hijos de Rivera, S.A			11.298	10.830	Entró en 2006	
TOTALES	14.664.467	17.349.387	13.874.959	16.547.511	-789.508	-801.876
Emitido-Asignado	2.684.920		2.672.552			
% Emitido/Asignado	118,31%		119,26%			

Sector	2006		2005		Diferencia	
	Asignado	Validado	Asignado	Validado	Asignado	Validado
Coxeneración	1.293.891	849.107	1.203.692	969.063	90.199	-119.956
Eléctrico	9.843.337	13.280.331	10.984.815	14.076.986	-1.141.478	-796.655
Cementoiro	380.866	347.954	380.866	338.616	0	9.338
Cerámica	221.770	199.925	229.746	196.863	-7.976	3.062
Vidro	32.781	28.182	32.781	26.039	0	2.143
Refino	1.568.603	1.528.693	1.568.603	1.553.483	0	-24.790
Siderurxia	78.270	77.748	78.270	77.649	0	99
Pasta e papel	127.757	103.018	127.757	112.942	0	-9.924
Cal	64.706	6.688	64.706	10.295	0	-3.607
Combustión >20MW	220.845	121.906	0	0	220.845	121.906
TOTAL	13.832.826	16.543.552	14.671.236	17.361.936	-838.410	-818.384